

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN (2º BACHARELATO).

En 2º curso de bacharelato os exames seguirán as pautas marcadas pola CIUG, co cal contarán coas seguintes partes:

- ✓ Análise e comentario de texto.
- ✓ Parte de lingua : lingüística, gramática, semántica, sintaxe...
- ✓ Parte de Literatura.
- ✓ Preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Constituirán o 90% da nota da avaliación. Realizarase como mínimo unha proba escrita en cada avaliación que abrangan os contidos estudados. No caso de facer máis dun exame, o profesor fará unha media ponderada dos exames realizados na avaliación, atendendo aos contidos impartidos. Unha vez efectuada dita media, a nota mínima que o alumno debe obter para considerar a avaliación aprobada ou superada é 5.

OBSERVACIÓN DIRECTA: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, a actitude, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos, etc.: 10%

Neste apartado terase en conta que a actitude do alumno se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LECTURAS VOLUNTARIAS: O profesor poderá propoñer unha lectura voluntaria por avaliación que sumará ata 0.5 puntos á cualificación final, obtida despois de facer as ponderacións anteriores, sexa esta aprobada ou suspensa. So poderán presentarse a esta proba aqueles alumnos que demostren ter lida a obra de lectura obrigatoria.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA E PRESENTACIÓN: Nos exames descontarase 0,25 puntos por cada falta de ortografía e 0,1 puntos por cada til incorrecto, ata un máximo de 2 puntos. As incorreccións ortográficas repetidas penalizan como únicas. Tamén se terá en conta a presentación (limpeza, sangría, marxe...), coherencia e expresión empregada nas probas escritas, podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

NOTA FINAL DE XUÑO: Será a media aritmética das tres avaliacións.

A final de curso, os alumnos que non acaden o 5 como nota media, deberán facer a recuperación das avaliacións suspensas. No caso de non ter superado ningunha delas, terán que presentarse a un exame global de todo o curso.

Para a avaliación extraordinaria establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.

O Departamento determina, para todos os niveis, que **habrá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando**, durante os exames ou calquera outra proba avaliable, incluso cando isto se demostre unha vez rematada a proba. Nesta circunstancia a proba será cualificada cun 0. O plaxio será penalizaco do mesmo xeito. O uso do bolígrafo borrable queda prohibido.

Polo que respecta aos alumnos que teñen a materia pendente do curso anterior, as diretrices serán as mesmas ca na ESO. Os profesores que imparten 2º de Bacharelato encargaranse do seguimento e avaliación deste alumnado.

Na quenda de nocturno, os alumnos matriculanse de materias soltas, polo que o concepto de “pendente” non é aplicable neste caso e cursan as materias de xeito independente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN (2º, 3º E 4º ESO).

A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Con carácter xeral, realizarase como mínimo un exame por avaliación sobre os contidos establecidos nesta programación. No caso de realizar dúas probas, a media de ambas suporá o 70% da nota final da avaliación.

OBSERVACIÓN DIRECTA: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, a actitude, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos, etc.: 20%

Neste apartado terase en conta que a actitude do alumno se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LIBRO DE LECTURA: Destinarase un 10% da cualificación á lectura e axeitada asimilación e aproveitamento dunha obra literaria.

LECTURAS ADICIONAIS : O profesor propondrá unha lectura adicional por avaliación que pode sumar ata 0.5 puntos á cualificación final do trimestre (sexa esta aprobada ou suspensa). O obxectivo desta medida é potenciar o hábito de lectura entre os alumnos e fomentar a súa aproximación a todo tipo de xéneros. Por iso, calquera alumno, independente dos resultados obtidos no resto da probas realizadas durante o trimestre, poderá realizar esta actividade. Polo mesmo motivo, tampouco será obrigatorio que a lectura elixida polo docente posúa, necesariamente, carácter literario.

PENALIZACIÓN POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA: Descontarase 0,1 puntos por cada til incorrecto e 0.25 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos. As incorreccións ortográficas repetidas penalizan como únicas. Tamén se terá en conta a presentación (limpeza, sangría, marxe...), coherencia e expresión empregada nas probas escritas podendo penalizarse ata un máximo de 1 punto.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

NOTA FINAL DE XUÑO: Será a media aritmética das tres avaliacións.

A final de curso, os alumnos que non acaden o 5 como nota media, deberán facer a recuperación das avaliacións suspensas. No caso de non ter superado ningunha delas, terán que presentarse a un exame global de todo o curso.

Tanto nos exames de recuperación de xuño como na avaliación extraordinaria, só se terá en conta o exame realizado e non se incluírá ningunha obra de lectura.

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES PARA A ESO.

Desde o Departamento, elaboraranse plans de reforzo individualizados para os alumnos coa asignatura pendente, tal e como se estipula na lei. O profesor que lle dea clase a estes alumnos será o encargado de efectuar o seguimento. Farao en coordinación co resto dos docentes que ese ano impartan a materia que o alumno ten suspensa.

Co obxecto de facilitarlles o estudo, os profesores de pendentes elaborarán boletíns de exercicios para cada curso. Estas tarefas, de repaso e de consolidación da materia, estarán inspiradas no propio modelo de exame e tratarán de adaptarse ás necesidades e ás capacidades de cada un deles. Estarán a disposición de todos os alumnos na Aula Virtual, aínda que serán os profesores encargados de realizar o seguimento quen se ocupara, persoalmente, de entregarllas durante o horario lectivo.

A realización destas tarefas será voluntaria. Sen embargo, os alumnos que decidan facelas e entregalas aos profesores para a súa posterior corrección, poderán ver recompensado o seu esforzo con ata 2 puntos no exame parcial de cada avaliación.

Ademáis, os alumnos da ESO contarán este ano coa posibilidade de asistir, de forma voluntaria, a clases de reforzo os venres pola tarde. As clases serán de corenta e cinco minutos, aproximadamente, e a súa periodicidade dependerá do número de alumnos que decidan asistir a elas e da posibilidade de formar grupos afíns.

A avaliación de pendentes efectuarase por medio dunha proba escrita. Haberá tres exames parciais de recuperación ao longo do curso, un por cada trimestre. A nota de cada avaliación corresponderase coa nota obtida en cada unha destas probas. Para recuperar a asignatura é necesario que o alumno consiga unha nota igual ou superior a 5 na media das tres avaliacións.

Os alumnos que teñan unha cualificación insuficiente poderán recuperar a a asignatura en xuño mediante un examen extraordinario, semellante ao do curso correspondente.

Os alumnos de 2º e de 3º da ESO terán, ademáis, a posibilidade de recuperar a materia suspensa aprobando a do curso actual. Neste suposto, a nota que figurará no seu expediente será a dun 5. Sen embargo, esta posibilidade só se contemplará naqueles casos nos que haxa evidencias de que o alumno non abandonou a asignatura e de que se presentou a todas as probas de pendentes.

O Xefe de Departamento será o encargado de examinar aos alumnos ao final de cada trimestre e de informar as familias, a través do Xade, dos resultados obtidos. As probas realizaranse dentro do horario lectivo, coincidindo con algunha das sesións que aquel dispón no seu horario para as labores de xestión e de coordinación do departamento.

Pola súa banda, os profesores encargados das pendentes serán os responsables de informar aos alumnos das datas dos exames. A corrección dos boletíns de exercicios e das probas escritas tamén lles corresponde a eles.